

Composición de textos 9.- **A REFORMA AGRARIA LIBERAL: AS DESAMORTIZACIÓNS**

Durante o Antigo Réxime e boa parte do XIX a agricultura foi a base da economía. Unha agricultura caracterizada polos baixos rendementos e por unha propiedade amortizada da terra (non se podía vender). Pero **a implantación do liberalismo obrigou a unha reforma agraria que convertese a propiedade da terra nun ben individual, privado e libre**, para iso se aprobaron diversas medidas de desamortización. A fin da reforma agraria era que os novos propietarios, ó introducir melloras na explotación das terras para incrementar os beneficios, aumentasen a produción de alimentos, rematando así coa economía de subsistencia, e investisen os beneficios agrarios noutros sectores económicos (industria, comercio...) que enriquecesen e modernizasen o país.

A **desamortización** supuxo liberar os bens suxeitos a amortización (aqueles polos que non se pagaban impostos e estaban fóra do mercado, xa que non se podían vender nin comprar). Foi un **proceso de liquidación das propiedades en “mans mortas” ou en propiedade corporativa e/ou colectiva** (a maioría terras, pero tamén casas e solares urbanos) **co fin de convertelas en propiedades individuais, privadas e libres**. Tras a aprobación da lei ou decreto correspondente, o Estado expropiaba sen indemnización os bens, que logo vendía en poxa pública. Un proceso similar sufriron as propiedades vinculadas (bens de señorío da nobreza, das Ordes Militares ou de reguengo da Coroa), pero a desvinculación non supuxo a expropiación ó señor senón a liberación para vender. A desvinculación deuse en dous pasos: a abolición dos señoríos territoriais e xurisdiccionais (en 1811 e 1820 e definitivamente en 1837) e a supresión, en 1841, dos morgados (norma xurídica medieval pola que se tiña que conservar íntegro o patrimonio nobiliario, imposibilitando a súa venda ou fragmentación, para transmitilo en herdanza a quen recibise o título nobiliario). **No plano económico, a desamortización supuxo, xunto coa eliminación dos gremios (1834), a liquidación do Antigo Réxime.**

O **proceso** de desamortización foi **moi longo**, debido á masa de bens afectados e ós avances e retrocesos provocados polos partidos no poder; en xeral, foi impulsado polos progresistas, paralizado polos moderados e rexeitado polos absolutistas e a Igrexa (que consideraba os seus bens como *patrimonio de Xesucristo e propiedade sagrada e inviolable*).

Os **ilustrados** foron os que iniciaron a análise e o estudo **das medidas a adoptar para mellorar a agricultura e modificar o réxime de propiedade da terra**. Entre estas medidas, sintetizadas no *Informe sobre a Lei Agraria* (1795) de Jovellanos, estaban a desvinculación dos morgados e a transformación das terras en mans mortas e comunais en propiedade particular. A súas propostas non se levaron a cabo, aínda que durante o reinado de Carlos III foron expropiados os bens dos xesuítas tras a expulsión da orde (1767). **No reinado de Carlos IV, as dificultades facendísticas**, provocadas polas guerras contra Inglaterra, **propiciaron que o goberno de Godoy decretase a venda de bens píos da Igrexa**. As **Cortes de Cádiz** para financiar a guerra tamén **aprobaron diversos decretos de desamortización** que confiscaron os bens dos afrancesados, das ordes militares, dos conventos suprimidos ou destruídos, do patrimonio da Coroa e dos baldíos e terras dos concellos. Pero **estas medidas tiveron escasa vixencia debido á restauración do absolutismo** en 1814. No Trienio Liberal volvéronse recuperar as medidas desamortizadoras, sacando á venda os bens da Inquisición e dos conventos suprimidos, que quedou paralizada co retorno ó absolutismo na Década Ominosa.

Foi **durante o reinado de Isabel II**, xa definitivamente instalados os liberais no poder, **cando se levaron a cabo as principais leis de desamortización**.

A **desamortización de Mendizábal** (1836), na rexencia de María Cristina (1833-1840), **afectou ós bens do clero regular** (primeiro das ordes relixiosas masculinas e posteriormente femininas). No 1837 declaráranse tamén bens nacionais as propiedades do clero secular, pero a súa venda non comezará ata a rexencia de Espartero (1841) e contará coa fortísima oposición dos moderados, que a suspenden (Alejandro Mon) cando chegan ó Goberno. No Concordato de 1851 que os moderados asinan co Vaticano, a Igrexa aceptou as desamortizacións realizadas a cambio do pago dos gastos de culto e clero e doutros privilexios, da suspensión das vendas e da devolución dos bens que quedaran sen vender. A desamortización de Mendizábal, que estivo en vigor ata que foi substituída pola de Pascual Madoz (1855), permitiu que o 62% dos bens da Igrexa fosen vendidos.

As propiedades desamortizadas eran divididas en lotes, taxadas e ofertadas en poxa pública ó mellor ofertante. Os lotes, de gran tamaño, tiñan prezos elevados, polo que os compradores foron os

grandes terratenentes (aristócratas), a burguesía de negocios e, en menor medida, funcionarios, profesionais liberais, comerciantes...; pero o campesiñado non puido adquirir terras en propiedade debido ó seu alto custo e á falta de aforros.

Os obxectivos da desamortización era: aliviar a débeda pública e restablecer o crédito, recadar diñeiro para financiar a guerra contra os carlistas e castigar a aqueles que lles prestaban apoio (especialmente á Igrexa e singularmente ó clero regular), gañar adeptos á causa liberal (isabelina) e estimular a economía investindo e mellorando a agricultura.

As consecuencias foron:

- Un aumento da recadación fiscal.
- Un incremento da produción agraria ó aumentar a extensión de terras cultivadas, pero non se introduciron melloras técnicas que aumentasen a produtividade.
- Un maior desequilibrio na estrutura da propiedade da terra: a compra dos bens desamortizados por quen xa tiña terras ou contaba con recursos para adquirilas provocou o nacemento dunha oligarquía agraria, pero o campesiñado seguiu sen ser propietario das terras que traballaba e empeorou as súas xa penosas condicións o subir os arrendos e perder o dereito a traballar as terras dos señores.
- A perda dun importante patrimonio artístico e documental polo saqueo e abandono de moitos dos antigos edificios da Igrexa.

A desamortización de Madoz. No Bienio Progresista (1854-56) anovouse o proceso desamortizador coa aprobación da **Lei Xeral de Desamortización** (1855) presentada por Pascual Madoz, ministro de Facenda. A lei **declaraba en venda todos os bens civís e eclesiásticos de mans mortas**, é dicir, tanto os bens civís de propiedade corporativa ou colectiva (comunais – dos veciños que as aproveitaban de modo directo –, de propios – terras dos concellos que lles aportaban beneficios cos que cubrir os seus gastos –, doutras institucións públicas como Universidades, hospitais, hospicios...) como os bens eclesiásticos non vendidos na etapa anterior.

A desamortización produciuse con rapidez. O obxectivo era sanear a Facenda, proporcionar terras en propiedade e obter diñeiro para o financiamento do ferrocarril, un transporte imprescindible para o desenvolvemento industrial e comercial do país. Os que se beneficiaron foron de novo os terratenentes e a gran burguesía, que ata a década dos 70 non investiu na industria nin no sector inmobiliario paralelo ó crecemento urbano. Os prexudicados foron os pequenos campesiños, que, ó perder o dereito de usufruto das terras comunais e ver endurecidas as condicións de traballo nos latifundios, incrementaron a súa miseria, converténdose moitos en xornaleiros, ou emigraron.

As consecuencias desta desamortización foron moi importantes, tanto pola longa vixencia da lei (a fin da desamortización terá lugar na ditadura de Primo de Rivera) como pola amplitude dos bens desamortizados.

- O volume de vendas duplicou o da desamortización de Mendizábal e incrementou o número de propiedades privadas e libres.
- Os ingresos polas vendas, que dobraron ós producidos na anterior desamortización, destináronse o financiamento de obras pública, en especial o ferrocarril.
- A expropiación dos bens do clero secular, que case non foran afectados xa que a desamortización de Espartero estivera vixente moi pouco tempo, permitiu en boa medida anovar o trazado urbano (abrir prazas, rectificar trazado das rúas, ensanchar a cidade, reutilizar edificios...)
- A expropiación dos bens comunais e de propios traerá graves consecuencias. Os campesiños, privados do usufruto das terras comunais e de propios para cultivar ou alimentar ó gando, empeoraron a súa xa pobre condición. Diminuíu o número de arrendatarios e aumentou o de xornaleiros (sobre todo no sur), cuns contratos estacionais, arbitrarios e miserables. Agravouse, por tanto, a cuestión social, un dos problemas máis persistentes ata a segunda metade do século XX. Os concellos, aínda que recibiron unha boa cantidade pola venda dos bens de propios, quedaron sen recursos para afrontar os servizos asistenciais (educación primaria, atención médica...) ós que estaban obrigados por lei e tiveron que recorrer ós impostos e á asignación aportada pola administración central.
- Aumento da superficie cultivada e cambios nos cultivos: o 85% das terras dedicáronse a cereais, vide e oliveira.

Balance das desamortizacións. Os obxectivos fundamentais das desamortizacións (reducir a débeda pública, crear propiedades privadas que fosen explotadas ó modo capitalista, modernizar a economía, incrementar os apoios ó liberalismo...) só se alcanzaron a medias:

- A débeda do Estado mitigouse, pero non se liquidou.

- Consolidouse o réxime de propiedade privada da terra, aínda que a desamortización tivo unha incidencia territorial diferente segundo a zona do país (vinte provincias españolas –as de Castela-A Mancha, Andalucía occidental, Estremadura, Madrid, Burgos e Toledo– concentraron o 78% das terras amortizadas), e no tamaño das terras vendidas contrastan as extensas fincas da metade sur coas de reducida superficie de Galicia.
- Os principais compradores foron xentes con recursos (nobreza terratenente, campesiños ricos, burgueses), que aumentaron o seu patrimonio e prestixio social. Os novos propietarios preferiron especular, axustar as rendas e aumentar a extensión cultivada antes que investir en melloras técnicas que incrementasen a produtividade. De modo que a agricultura non xerou os excedentes precisos para obter capitais que permitisen potenciar a industrialización.
- Os campesiños non só viron frustradas as súas aspiracións de acceder á propiedade da terra senón que empeoraron as súas miserables condicións de vida e traballo ó perder as terras comunais que no pasado lles permitían aproveitar a madeira e os pastos e ó deixar de ser arrendatarios (pola suba dos arrendos) para converterse en xornaleiros. Esta proletarización dos traballadores agrícolas, cuns inseguros contratos temporais, salarios cada vez máis baixos debido á abundancia de man de obra e elevado paro estacional, provocou revoltas campesiñas (Granada, Sevilla) e foi un dos problemas máis graves de España ata a segunda metade do XX. Parte do campesiñado, defraudado co liberalismo, vai apoiar o anarquismo e o socialismo.
- A Igrexa perdeu poder económico (3/5 partes das súas propiedades foron vendidas, pero foi compensada cunha dotación para gastos de culto e clero a cargo do erario público) porén mantivo a súa enorme importancia e influencia dentro dun Estado que privilexiaba a relixión católica: dominio no ensino, establecemento das normas de conduta, censura... A Igrexa foi abandonando os postulados carlistas e máis conservadores e, a partir da firma do Concordato (1851), achegouse ó liberalismo moderado e aviuse co Estado liberal, o Estado financiaba á Igrexa e esta lexitimaba o sistema político.
- As cidades modificáronse. Os terreos desamortizados permitiron corrixir e ampliar o trazado das rúas, crear prazas, levantar novos edificios, estender a urbe coa creación de novos barrios (ensanche burgués)... Ademais, moitos dos antigos edificios eclesiásticos adquiriron un novo uso: cultural (museos, bibliotecas...), educativo (escolas), administrativo (deputacións, cuarteis...), etc.
- Cuantiosa perda de patrimonio cultural: edificios históricos, pinturas, esculturas, mobiliario, libros...

Alguns liberais foron críticos co proceso desamortizador. Por exemplo, Flórez Estrada (deputado e economista seguidor das teorías de Adam Smith) propuxo que as terras expropiadas polo decreto de Mendizábal fosen arrendadas ós campesiños e dedicar as rendas obtidas a pagar a débeda pública, ademais isto permitiría satisfacer as peticións dos campesiños e gañar o seu apoio á causa liberal. Na actualidade, todos os historiadores (Francisco Tomás y Valiente, Josep Fontana...) están de acordo en que **a desamortización foi a gran medida da reforma agraria liberal da España do XIX**. En xeral, consideran a desamortización un éxito económico que evitou unha posible bancarrota do Estado e obtivo ingresos para financiar as guerras carlistas, a construción do ferrocarril... Na valoración das consecuencias sociais e políticas coinciden en que os pequenos propietarios non aumentaron na medida prevista, xa que as terras foron adquiridas por xente adifneirada da nobreza ou da burguesía, e en que as consecuencias da desamortización civil foron especialmente negativas para o campesiñado máis pobre que se viu privado do uso das terras comunais e de propios.

No caso de Galicia a desamortización tivo connotacións específicas pola permanencia e abundancia do sistema foral. En virtude dos foros (contratos agrarios de longa duración), os campesiños conservaban e transmitían o dereito a traballar as terras (dominio útil) a cambio do pago dunha renda ós donos, e os titulares das terras (eclesiásticos ou laicos) conservaban os bens (dominio directo) a cambio da percepción das rendas. Desde o século XVII entre os señores e os campesiños interpúxose a fidalguía (baixa nobreza) que se fixo cos subforos (cobraba as rendas dos labregos e pagaba ós señores con parte das mesmas). A desamortización en Galicia **traspasou ó comprador o dereito a percibir rendas forais** (dominio directo), **pero o dominio útil seguiu en mans do campesiñado**. Na ditadura de Primo de Rivera, a lei de redención de foros (1926) permitirá ós foreiros converterse en propietarios plenos das terras que levaban xeracións traballando, previo pago unha indemnización ós titulares das mesmas (os cartos para esa indemnización proviñeron en moitos casos das remesas dos emigrantes americanos e en especial dos que estaban en Cuba).